



NARÓN

Narón aberto ao mar

O proxecto “Narón aberto ao mar” executouse na súa totalidade durante os anos 2020 e 2021. Durante o desenvolvemento do programa cabe destacar que os participantes demostraron en todo momento un gran interese por participar en todas as accións que se levaron a cabo no marco desta iniciativa. O Concello de Narón impulsa este proxecto, subvencionado pola Consellería do Mar ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) aprobadas pola administración autonómica e destinadas aos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

No marco do programa de “Narón aberto ao mar” leváronse a cabo tres actividades: un Aula itinerante marítimo costeira, para sensibilizar ao alumnado dos centros de ensino da cidade sobre a importancia da protección e recuperación da biodiversidade mariña e mellorar o coñecemento da Rede Natura 2000; unha Xornada na ría, que consistiu nunha conferencia para coñecer as características fundamentais das rías de Ferrol e Ares e Rutas medioambientais abertas ao mar, con dúas xornadas de roteiro circular polos cantís de Narón, nunha proposta titulada “Unha ollada xeolóxica polos cantís de Narón”, con saída e chegada á Pena Molexa, no Val,

Entre os obxectivos acadados a través deste proxecto están:

- **Fomentar o aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras.**
- **Promoción e difusión dos produtos mariños da nosa ría tanto dende o punto de vista da súa biodiversidade como das súas características.**
- **Dar a coñecer a poboación en xeral e en particular ós nenos e nenas de Narón a Rede Natura 2000 (Rede de área de conservación da biodiversidade) con especial mención ao espazo que abarca dentro do Concello.**
- **Dende un punto de vista xeolóxico, poñer en valor a biodiversidade da zona da Costa Ártabra e a súa contorna.**
- **Sensibilizar á poboación da problemática que existe co escaso relevo xeracional existente neste sector e animar e impulsar a tódalas persoas que se queiran adentrar nel como medio de vida.**



NARÓN

- **Impulsar a creación de empresas no marco da economía azul sostible.**
- **Expoñer os perigos e puntos de control críticos que existen no entorno e que afectan a súa evolución.**
- Dar a coñecer e potenciar o turismo mariñeiro dentro do Concello vinculado á natureza, paixaxes, gastronomía, comercio...**
- Poñer en valor os recursos cos que conta ó Concello.**

O importe do proxecto é de 32.846,05 euros e o importe subvencionado ascende a 24.671,90 euros, o 80% do custe total.